

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

14 de xaneiro de 2022

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e catro minutos do día catorce de xaneiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE). Por esta Secretaría comprobouse que Don Jorge Cubela López (PP) non se encontraba presente na votación do punto 6, nin no transcurso do resto da sesión.

Da fe do acto o Secretario, D. José Luis Mato Rodríguez, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sra. Presidenta.- Bueno, bo día a todas e a todos. Non, están sentados na ... Iniciamos a sesión extraordinaria en substitución da ordinaria de decembro de o pleno desta Deputación Provincial, hoxe día 14 de xaneiro de 2022.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.7721.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- Na orde do día. No primeiro punto. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2021. ¿Algunha observación? Queda, polo tanto, aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade dos vinte e seis membros presentes, aprobar o borrador da acta da anterior sesión, ordinaria do día 26 de novembro de 2021.

a) Parte resolutiva:

2.7722.- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA. (EXPTES. 2020056675 E 2022000378)**

Sra. Presidenta.- Na parte resolutiva. No punto 2. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos do Boletín Oficial da Provincia. ¿Algunha observación? Polo tanto, a someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Xa que logo, o **acordo** adoptado é o seguinte:

Con data 21/12/2020 dispúxose a incoación do expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos no BOPPO, coa finalidade de acadar a tramitación electrónica do procedemento completo, incluíndo a cuantificación da taxa e pagamento, adaptar a Ordenanza aos cambios normativos dos supostos de exención e pago e automatizar o procedemento de cuantificación da taxa.

Non en tanto, a importante carga de traballo dos programadores do Servizo de Novas Tecnoloxías supuxo unha demora no que atinxe ao deseño e implantación dos procedementos de acreditación e tramitación integramente electrónica do



expediente. Sen prexuízo da vontade de acometer estas modificacións e impulsar a revisión integral do procedemento, estimouse necesario non demorar a modificación de determinados supostos de exención co obxecto de acadar unha maior seguridade xurídica a efectos de evitar dúbidas de interpretación, actualización de acordo coa normativa, así como supresión de supostos innecesarios.

A proposta de modificación foi informada favorablemente pola Secretaría, Intervención e Tesourería provinciais.

Á vista do exposto e da competencia plenaria para aprobación e modificación das Ordenanzas, segundo o disposto no artigo 33.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade dos vinte e seis membros presentes:

Primeiro. Aprobar a modificación do artigo 9.2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co seguinte detalle:

2. Estarán exentas do pagamento da taxa as publicacións seguintes:
- Aprobación e modificación de regulamentos, ordenanzas municipais e acordos reguladores de prezos públicos.
 - Aprobación das normas urbanísticas (plans xerais, normas subsidiarias e complementarias, plans parciais e especiais, estudos de detalle, programas de actuación urbanística, proxectos de urbanización, delimitacións de polígonos e unidades de actuación), excepto cando o planeamento sexa promovido por particulares.
 - Afectación, desafectación e alteración de bens de dominio público e patrimoniais.
 - Nos expedientes de contratación administrativa: Os anuncios de publicación obrigatoria.
 - Aprobación de orzamentos, expedientes de modificación de créditos e da conta xeral.
 - Os anuncios en materia de persoal, a excepción das bases e convocatorias para a selección de persoal, que si están suxeitas, salvo as correspondentes a xuíces de Paz.
 - Anuncios de procedementos electorais.
 - Convocatorias e bases de bolsas de estudos, cursos e subvencións.
 - Anuncios de delegación de competencias.
 - Notificacións do artigo 45.a) da Lei 39/2015, cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas.
 - Convenios colectivos.
 - Rectificacións de anuncios, que terán idéntico tratamento cós anuncios que se rectificuen.



- Os que correspondan a anuncios interesados pola Deputación ou calquera dos seus organismos ou entidades dependentes, sempre que non se poida repercutir a terceiros.
- Anuncios da Administración de Xustiza en:
 - o Procedementos civís acollidos ó beneficio de xustiza gratuíta.
 - o Procedementos penais e laborais.
 - o Procedementos contencioso-administrativos non instados por particulares, avogados ou procuradores.
- Outros anuncios: a interpretar, en cada caso, de acordo coa normativa reguladora.

Segundo. Someter o acordo ao trámite de información pública, mediante anuncio no Taboleiro de Edictos, Boletín Oficial da Provincia, páxina web e nun Diario dos de maior difusión da provincia, por prazo de 30 días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que este acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e demais medios que correspondan.

3.7723.- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA AUTORIZACIÓN DE OBRAS E ACTUACIÓNS NAS ZONAS DE INFLUENCIA DAS ESTRADAS PROVINCIAIS. (EXPTE. 2021051453)**

Sra. Presidenta.- No punto 3. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola autorización de obras e actuacións nas zonas de influencias das estradas provinciais. ¿Algunha observación? Polo tanto, a someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Xa que logo, o **acordo** adoptado é o seguinte:

O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais elaborou con data 2 de decembro de 2021, un informe-proposta para modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e actuacións nas zonas de influencia das estradas provinciais.



Visto o Informe da Secretaría de data 23 de novembro de 2021.

Visto o Informe da Intervención de data 3 de decembro de 2021.

Visto o Informe da Tesourería de data 9 de decembro de 2021.

Considerando o establecido no artigo 33.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en canto a competencia plenaria para aprobar a proposta efectuada polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e actuacións nas zonas de influencia das estradas provinciais.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda por unanimidade dos vinte e seis membros presentes:

Primeiro. Autorizar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e actuacións nas zonas de influencia das estradas provinciais, de conformidade co seguinte detalle:

O obxecto principal da modificación é incluír no feito imponible e devengo (artigos 1, 2 e 7) as actuacións de comprobación derivadas dos procedementos de declaración responsable e novas modalidades de cota tributaria (artigo 5) referidas a proxectos ou memorias técnicas comprensivas dun conxunto de actuacións incluídas nun único proxecto, solicitudes de planos xeorreferenciados de deslinde de parcelas con vías provinciais e actuacións suxeitas á declaración responsable. Así mesmo, introdúcese pequenos cambios de redacción nos artigos 2 e 5 así como na denominación da Ordenanza, co obxecto de incluír á referencia as actuacións en “zonas de dominio público e de protección” e pequenas modificacións de redacción, se corrixe o ano da referencia da Lei Xeral Tributaria (artigo 3.1) e se modifica a redacción do artigo 9.2 aos efectos de referir xenericamente os supostos obrigatorios de presentación electrónica.

Unha vez efectuadas as citadas modificacións o texto dos artigos quedaría da seguinte forma:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR AUTORIZACIÓN DE OBRAS E ACTUACIÓNS NAS ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO, PROTECCIÓN E



INFLUENCIA DAS ESTRADAS PROVINCIAIS E ACTUACIÓNS SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL) e o artigo 132 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do TRLRFL, acorda a imposición e ordenación da taxa por autorización de obras e actuacións nas zonas de dominio público, protección e influencia das estradas provinciais e por actuacións suxeitas a declaración responsable.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade provincial, técnica e administrativa, tendente a autorizar, informar e/ou verificar se os actos de edificación e máis o uso do solo se axustan ou cumpren os requisitos previstos nas disposicións legais e regulamentarias reguladoras do uso dos terreos situados en zonas de dominio público ou de protección e influencia das vías públicas provinciais.

Non estarán suxeitas ao pagamento da taxa as solicitudes de información de carácter xeral en relación coa normativa vixente para poder realizar unha determinada actuación ou aquelas nas que se solicita un uso puntual da estrada para algunha actuación especial (exemplo: festas ou probas deportivas).

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT), que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades ás que fai referencia o artigo anterior.

2.- Terán, en todo caso, a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

(...)

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria que procede abonar en concepto de taxa por prestación do servizo de informe, autorización para execución de obras e actuacións nas zonas de dominio público, de protección ou influencia das estradas provinciais, ou actuacións de comprobación nos usos suxeitos a declaración responsable, determinarase en función do tipo de actividade solicitada:

a) Taxa unitaria por actividade de 30,00 €, para todas as solicitudes de informe e solicitudes de autorización relativas a:

- aproveitamentos agrícolas ou forestais de menos de 1 hectárea.
- movementos de terras e explanación de menos de 1 hectárea.
- cerramentos diáfanos.
- obras de mantemento, conservación e rehabilitación de edificacións existentes non suxeitas a declaración responsable.



- obras de acometida de servizos a vivendas unifamiliares.
- obras de acondicionamento e mellora de accesos existentes.
- cambios de uso en superficies menores de 1 hectárea.
- calquera outra actuación susceptible de ser considerada obra menor e non incluída nos restantes apartados do presente artigo.

b) Taxa unitaria por actividade de 160,00 €, para todas as solicitudes de informe, solicitudes de autorización das seguintes actuacións:

- aproveitamentos agrícolas ou forestais de máis de 1 hectárea.
- movementos de terras e explanación de máis de 1 hectárea.
- obras de conducións aéreas ou subterráneas, sexan cruces ou paralelas á calzada.
- muros e cerramentos non diáfanos.
- obras de edificación de nova planta.
- obras de acometida de servizos a vivenda colectiva.
- construción de acceso novo.
- cambios de uso en superficies maiores de 1 hectárea.
- actuacións incluídas nun proxecto único.
- calquera outra actuación susceptible de ser considerada obra maior.
- plano xeorreferenciado de deslinde dunha parcela con vías provinciais.

c) Taxa unitaria por actividade de 30,00 €, para as actuacións suxeitas a declaración responsable e que son as seguintes:

- O pintado e a impermeabilización de fachadas.
 - O cambio de fiestras.
 - A substitución de tellados.
 - Calquera outra actuación de mera conservación e mantemento de edificacións, instalacións e peches, segundo e nas condicións precisadas no art. 45 bis da Lei de Estradas de Galicia.
- (...)

ARTIGO 7. DEVENGO

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade que constitúe o seu feito imponible. Entenderase iniciada esta actividade na data de presentación da declaración responsable, solicitude de autorización de obra ou informe.

2.- Cando as obras ou as actuacións se iniciasen ou executasen sen obter a autorización necesaria ou sen presentar a declaración responsable, a taxa devengarase unha vez iniciada efectivamente a actividade provincial conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, independentemente das actuacións sancionadoras e/ou de restablecemento da legalidade que, no seu caso, correspondan.

3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, de ningún modo se verá afectada pola denegación da autorización ou pola concesión desta, condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licencia.

(...)



ARTIGO 9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E AUTOLIQUIDACIÓN

1.- As persoas interesadas en obter informe ou autorización ou presentar declaración responsable para realizar as obras, a utilización privativa, o aproveitamento especial nos terreos situados nas zonas contiguas ás estradas provinciais ou a prórroga dunha autorización concedida presentarán preferiblemente por vía electrónica, a solicitude correspondente, na que se inclúe a autoliquidación da taxa, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

2.- A presentación electrónica será obrigatoria para todas aquelas persoas obrigadas a relacionarse electrónicamente coa Administración. Se algunha destas persoas interesadas presenta a súa solicitude/declaración e autoliquidación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

3.- Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes/declaracións e autoliquidacións presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

4.- Para a presentación das solicitudes/declaracións e autoliquidación da taxa, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

(...)"

Segundo. Someter o acordo ao trámite de información pública, mediante anuncio no Taboleiro de Edictos, Boletín Oficial da Provincia, páxina web e nun Diario dos de maior difusión da provincia, por prazo de 30 días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que este acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e demais medios que correspondan.

4.7724.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS



**FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS
GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.
(EXPTE. 2021066522)**

Sra. Presidenta.- No cuarto punto. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos grupos de emerxencias supramunicipais. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Muchas gracias, Presidenta. Buenos días a todos y a ..., a todas y a todos. Efectivamente, sometemos en el punto 4, a la aprobación de este pleno, el Convenio de colaboración entre la Xunta de Galicia, FEGAMP y diputaciones en materia de emergencias para el desarrollo del sistema GES. Como es conocido y figura en el expediente. Esta Diputación y la Xunta de Galicia han acordado la aprobación de este convenio de colaboración en materia de emergencias en los mismos términos que en los años anteriores, que el año anterior, tanto a nivel económico como nivel, como competencia territorial y también como, como ... Bueno, poner en antecedentes, aunque este tema ha sido debatido ampliamente en este, en este pleno, que este acuerdo que ahora sometemos a aprobación de este pleno, hay que recordar que fue la Xunta de Galicia la que en el ejercicio de sus competencias en materia de protección civil, bueno, se articuló un sistema ya en el año 2013, este sistema de refuerzo de la prestación de servicios. El primer convenio del GES data de 2013-2015 entre Xunta y FEGAMP, posteriormente y por medio de sucesivos convenios entre las partes se fue manteniendo este sistema en los períodos 2006, 2016-2018, 19-21 fueron aprobándose diferentes addendas así como también la aprobación y creación de nuevos GES. Bueno, como también es sabido y se ha dicho aquí todas estas modificaciones han ido alterando a lo largo del tiempo la participación porcentual de las administraciones, se ha reducido la relativa a la administración autonómica y se ha incrementado, haciendo un esfuerzo muy importante las diputaciones pasando del 20 al 40%, ya digo, en un esfuerzo económico importante. Este año después, creo que no merece la pena ni reiterarlo aquí, después de distintas reuniones y conversaciones, se ha llegado finalmente al acuerdo que sometemos a la aprobación de este Pleno, manteniendo los porcentajes anteriores y, por lo tanto, esperamos que este convenio que ha sido aprobado y firmado entre la Xunta de Galicia y esta Diputación no sea usado como instrumento de debate partidista porque de lo que se trata es de darle seguridad, evidentemente, a los concellos.



Teniendo en cuenta, como digo, que es en las mismas condiciones tanto económicas como territoriales. Si hay un aspecto en el que queremos incidir aquí, aunque ya lo hicimos anteriormente, pero creo que a la hora de que este pleno apruebe este nuevo convenio es importante señalar, y es que reiteramos, porque es una coincidencia generalizada, que el modelo actual está lejos de ser un modelo profesionalizado, es conocido por todos y todas que los concellos, los secretarios e interventores, se están poniendo determinadas dificultades e informes negativos a la hora de contratación del personal de GES, también está en debate lo que respecta a funciones y desarrollo, los contratos laborales, esto ha sido objeto de un debate largo dentro de las reuniones que hemos tenido. Pero si es cierto, y queremos decir aquí, que ya en el año 2019, en el anterior convenio, habíamos alertado y entendemos que hay que ponerse a trabajar en la renovación de este convenio pero en estos aspectos que creemos, como decía, que no hay una suficiente profesionalización y que, bueno, el modelo no se ajusta a lo que realmente se necesita, esto es algo que hemos planteado, esto es algo que ya digo viene de atrás y que además hay una coincidencia entre FEGAMP y las diputaciones y, por lo tanto, creemos que es el momento a la hora de aprobar este convenio de instar a que con carácter prácticamente inmediato se desarrolle ese trabajo de analizar el modelo. Evidentemente, como lo hacemos desde hace años, seguimos reivindicando el tema de la constitución formal del GES para O Grove y en conclusión pedimos el voto favorable, al margen de otras cuestiones que hemos debatido ya aquí ampliamente, de este convenio que ha sido firmado entre la Diputación y la Xunta de Galicia. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, moi. Bos días a todos os membros da Corporación. Efectivamente o noso grupo, como xa fixo en Comisión, vai votar a favor deste acordo porque é fundamental seguir prestando o servizo de emerxencias nos concellos da provincia, pero si que temos que valorar que lamentamos profundamente que non sexan máis ambiciosos i que o PSOE e o BNG pois renunciase a incorporar melloras importantes, substanciosas na atención na calidade do servizo i tamén no tempo de resposta. Conformámonos co que xa está, esperemos que na negociación do próximo convenio, todas as partes, pero lles pedimos á Diputación de Pontevedra abandonen o tacticismo político partidista, que solemos manter nesta casa, i lamentamos que este acordo non sexa todo o ambicioso que plantexou a Xunta. Plantexábase aumentar o persoal para que todos os GES contasen con 12 efectivos; e isto iba a beneficiar i supoñer o



incremento de 6 efectivos máis en Lalín, 6 efectivos máis en Redondela, 6 efectivos máis en Mos e 2 efectivos máis no Concello de A Estrada. Un acordo, tamén, que incluía duplicar a financiación dos servizos municipais de Sanxenxo e Pontearreas, que prestan un servizo supramunicipal, importantísimo e fundamental. E tamén, pois, crear un sub-GES no Grove con 6 efectivos. Polo tanto, esperemos que estas melloras poidan ser introducidas no futuro, creemos que son moi importantes para a provincia. Eu son alcalde dun concello que padece esta situación, onde tivemos un importante incendio na parroquia de Tenorio, onde se calcinou unha carpintería e unha casa familiar, por culpa de non ter servizos de emerxencias próximos. E, polo tanto, nese entendemento que debemos poñer encima da mesa todas as administracións e todos os partidos políticos, conten con nós, con este grupo, para poder facelo e vaia por diante, como dixen ó principio, que imos a votar a favor.

Sra. Presidenta.- Sr. Font, ten a palabra.

Sr. López Font.- Muchas gracias Presidenta. En mi intervención hablaba de, que ojalá no se politizase esta cuestión pero ya veo que por parte del Sr. Cubela, y a pesar de anunciar este voto positivo, hay una politización de esta cuestión. Dice de ser más ambicioso, si, claro, ambicioso es que unilateralmente la Xunta de Galicia lo que planteaba es que la aportación de esta Diputación fuese de un 434% más de lo que aportamos en este momento. Por lo tanto, lo que creo que ustedes alcaldes y concejales del Partido Popular deben de hacer es reclamarle a la Xunta de Galicia que cuando se regula una normativa, porque además está por ley, se acompañe con la financiación correspondiente, esto es lo que realmente tendrían que reclamar ustedes, porque es una competencia de la Xunta de Galicia. Y hay alguna cuestión que quiero recalcar, lo he dicho en muchas ocasiones pero, nuevamente, vuelve a ser necesario, esta Diputación hizo una propuesta de mapa de emergencias para la provincia de Pontevedra que no fue atendido por la Xunta de Galicia. Por lo tanto, Sr. Cubela, cuando hace mención a determinados incidentes y a determinadas cuestiones son única y exclusivamente imputables a la Xunta de Galicia. Por lo tanto, ha sido un proceso, no quise entrar, ha sido un proceso muy desafortunado, muy desafortunado, en el que la Xunta de Galicia sin buscar ningún consenso con las diputaciones, nuevamente, lo que ha intentado es aplicar un rodillo para que tuviésemos que pagar más las diputaciones. Y, les quiero recordar algo, todo el esfuerzo económico que se hace desde la Diputación en el sistema de GES va en contra de los concellos que no son necesarios y que no tienen GES. Por lo tanto, como quiera que es una



competencia de la Xunta de Galicia, lo decía muy suave pero esto arranca en el 2013, y es precisamente la Xunta de Galicia en función de sus competencias quien articula este sistema. Miren, el esfuerzo económico de esta Diputación fue pasar del 20 al 40%, pero esta Diputación también hace otro esfuerzo económico, y es asumir los GES de los concellos de más de 20.000 habitantes que no son competencia nuestra, como A Estrada, Lalín e Pontearreas y recientemente con la incorporación de Redondela. Por lo tanto, ese esfuerzo que se nos pedía del 434% es absolutamente inaceptable, y además en lo relativo al GES do Grove, desde luego, es una vergüenza el que pidiendo GES completos para otras localidades aquí se quisiera dar un subGES.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben. Eu alégrome, a pesar da discrepancia, que o tono do debate pois que sexa o que foi i que penso que estaba debatido. Hoxe o que imos aprobar é manter os GES tal e como están agora e renunciar a todas as melloras que se plantexaban no convenio inicial. Esta Diputación ten a capacidade económica de poder afrontar iniciativas coma esa, é cuestión de prioridades, prioridades que os seus alcaldes, os alcaldes Socialistas, xa lles esixen, eses que están xa fartos e que se animaron publicamente a discrepar de que a Diputación ten que estar para os concellos pequenos; i falar dos concellos medianos i pequenos tamén é falar dar emerxencias, das necesidades que teñen os concellos en servicios tan básicos e fundamentais hoxe en día como poder afrontar unha emerxencia, os concellos de menor tamaño i que menos posibilidades teñen. Quero recordar ademais, porque sempre o falamos aquí de competencias, pero cando convén a todo o mundo e o temos claro podemos acudir perfectamente á norma. Os servicios de emerxencia municipais son competencias das diputacións nos concellos de menos 20.000 habitantes, i dos concellos de máis de 20.000 é propia, i o que estamos pedindo, e fixen na miña anterior intervención, é que se poida manifestar un acordo no futuro, deixémonos de discursos baleiros de contidos, i, Sr. Font, eu sei que vostede fai ben o seu papel, que se presta á defensa absoluta dos postulados da casa, pero hai en certas cuestións que si abandonamos todos un pouquiño a hipocrisía podemos chegar a un acordo importante neste. Non pensen que en frente está o Partido Popular i pensen que están os concellos, os veciños i os alcaldes que necesitan respostas por parte da Diputación. Nós imos a votar a favor porque a vixencia do convenio é absolutamente imprescindible, i non soubemos ata última hora si a Diputación de Pontevedra se ía a sumar, a adscribir ese convenio. E, polo tanto, esperemos que



na próxima negociación se poidan afondar nesas melloras tan necesarias e imprescindibles para a provincia.

Sra. Presidenta.- Ten a palabra para pechar o debate Sr. Font.

Sr. López Font.- Si, la verdad es que lamento bastante este debate y me lo temía. Pero mire, aquí, Sr. Cubela, la única realidad es que la Xunta propone y el mundo local paga, y en esta ocasión fue lo que pretendieron nuevamente intentando que las diputaciones incrementasen la aportación en algo que le corresponde a la Xunta de Galicia. Y como quiera que sigue refiriéndose a determinados concellos socialistas que piden y demás, ha leído muy mal la información, Sr. Cubela, lo que esos concellos socialistas piden es que sea la Xunta de Galicia la que en toda la financiación del mundo local atienda a los concellos de forma igualitaria, que el fondo de cooperación local sea para todos los concellos, eso es lo que piden esos concellos socialistas; en suma, que la Xunta de Galicia haga lo mismo que hace esta Diputación en un trato igualitario a todos los concellos. Por lo tanto, cuando lea las informaciones de prensa convenía el que las leyese bien y las interpretase bien, porque el descontento de absolutamente todos es lo que está haciendo la Xunta de Galicia con esas subvenciones que se resuelven en escasamente 9 minutos y de madrugada. Y no se trata de prioridades ni se trata, se trata de competencias, efectivamente, y las competencias son de la Xunta de Galicia, es un sistema que asumió la Xunta de Galicia y que lo único que hemos hecho en todo este tránsito es decrecer la aportación de la Xunta de Galicia e incrementar las diputaciones. Y lo vuelvo a decir, todo lo que la Xunta de Galicia cargue sobre esta Diputación va en contra del conjunto de los concellos. Y, parece mentira que ustedes, alcaldes y concejales del Partido Popular, se pongan a favor de la Xunta de Galicia. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Ben, pois, rematado este debate e asumindo todos os grupos, entendo que o BNG tamén, o voto a favor da aprobación de este convenio, si lles parece o dou aprobado por unanimidade. Si.

Xa que logo, o **acordo** adoptado é o seguinte:

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, que é do seguinte teor literal:



“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, eleva a seguinte

PROPOSTA

OBXECTO

A presente proposta, de carácter administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a idoneidade de subscribir un novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO CONVENIO (artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Primeiro. O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2018, aprobou e ratificou a sinatura do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais, durante o período 2019-2021.

Segundo. Con data 26 de marzo de 2021 o Pleno da Deputación de Pontevedra aprobou unha addenda ao citado Convenio (acordo plenario 5.7584), motivada pola incorporación dos novos grupos de emerxencia nos Concellos sede de Redondela/Mos (12 membros), A Cañiza (12 membros), A Lama (12 membros) e Moraña (12 membros), así como pola renuncia do Concello de Valga (GES de 12 membros). Deste xeito, a aportación da Deputación de Pontevedra para o financiamento dos GES pasou dos 605.333,33€ previstos inicialmente, aos 941.333,33€ contemplados na nova addenda.

Terceiro. Próximo a expirar o prazo de vixencia dese Convenio, desde a Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación económica coas Entidades Locais remítese por correo electrónico o borrador do novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipal, que abarca o período 2022-2023, sendo necesario tramitar un novo expediente administrativo para a súa aprobación.

Cuarto. En relación co anterior, considérase necesario dar continuidade ao funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais para complementar a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que se cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia cun ámbito de atención superior ao municipal.



Ordinariamente os GES desenvolven as súas funcións no ámbito de actuación adscrito aos mesmos, e soamente con carácter excepcional e debidamente xustificado, realizarán as súas tarefas fóra do ámbito territorial que lles foi asignado.

Con carácter xeral os Grupos de Emerxencias Supramunicipais sitúanse estratexicamente en 11 localidades, que se corresponden con 9 zonas de actuación, e que permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación, segundo os técnicos da Xunta de Galicia. Dentro das funcións dos GES podemos distinguir dous grandes bloques; as derivadas das propias situacións de emerxencia e as destinadas á prevención de incendios forestais, ambas as dúas que aparecen definidas en detalle nas cláusulas cuarta e quinta do presente Convenio.

De acordo co establecido na cláusula sexta, os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Quinto. Na provincia de Pontevedra o ámbito de actuación e cobertura a nivel provincial dos GES e servizos municipais é a seguinte:

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

PONTEVEDRA	
Zona	Sede/s
Zona da Mancomunidade do Val Miñor	Mancomunidade
Zona do Baixo Miño	A Guarda
Zona Ulla – Umia	Moraña
Zona de Tabeirós, Terra de Montes e Deza	A Estrada/Lalín
Zona A Paradanta	A Cañiza
Zona A Lama	A Lama
Zona Redondela / Mos	Redondela /Mos
Zona Sanxenxo (municipal)	Sanxenxo
Zona Pontearcas (municipal)	Pontearcas

COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL

GES/Servizo municipal	Concello
36 Subzona Deza	Agolada Dozón Lalín



	Rodeiro Vila de Cruces
36 Subzona Tabeirós-Terra de Montes	Estrada, A Forcarei Teo Vedra
36 Zona A Lama	Cerdedo-Cotobade Fornelos de Montes Lama, A Ponte Caldelas
36 Zona A Paradanta	Arbo Cañiza, A Covelo Crecente
36 Zona Baixo Miño	Guarda, A Oia Rosal, O Tomiño
36 Zona Mancomunidade do Val Miñor	Baiona Gondomar Nigrán
36 Zona Mos/Redondela	Mos Pazos de Borbén Redondela Soutomaíor
36 Zona Ponteareas Servizo Municipal Ponteareas	Mondariz Mondariz-Balneario Neves, As Ponteareas Salvaterra de Miño
36 Zona Sanxenxo Servizo Municipal Sanxenxo	Grove, O Meaño Poio Sanxenxo
36 Zona Ulla-Umia	Barro Caldas de Reis Campo Lameiro Catoira Cuntis Moraña Portas

Ao igual que no anterior Convenio, dos grupos da provincia de Pontevedra, seis están formados por 12 membros (A Guarda, Moraña, Cañiza, A Lama, Mancomunidade do Val



Miñor e Mos-Redondela (6/6)), un (A Estrada/Lalín) con 16 membros (10/6) e dous aproveitarán os servizos municipais existentes (Pontearreas/Sanxenxo).

IMPACTO ECONÓMICO DO CONVENIO (artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Co novo convenio as aportacións económicas totais entre as partes signatarias acadan as seguintes porcentaxes (punto sétimo da parte expositiva):

Xunta de Galicia: 52,50%.
 Deputacións Provinciais: 40%.
 Concellos: 7,5%.

De acordo coas porcentaxes de financiación, a aportación da Deputación de Pontevedra en cada ano será de **941.333,33 €** de acordo ao seguinte detalle:

Concello	Membros GES	Custo total GES (incluída prevención)	Achega Deputación (40%)
A Estrada	10	227.083,33 €	90.833,33 €
Lalín	6	136.250,00 €	54.500,00 €
Redondela	6	140.000,00 €	56.000,00 €
Mos	6	140.000,00 €	56.000,00 €
A Guarda	12	280.000,00 €	112.000,00 €
Mancomunidade Val Miñor	12	280.000,00 €	112.000,00 €
A Cañiza	12	280.000,00 €	112.000,00 €
A Lama	12	280.000,00 €	112.000,00 €
Moraña	12	280.000,00 €	112.000,00 €
Pontearreas	Serv. Municipal	155.000,00 €	62.000,00 €
Sanxenxo	Serv. Municipal	155.000,00 €	62.000,00 €
TOTAL			941.333,33€

En canto á periodicidade das aportacións e co fin de dotar de liquidez aos Concellos, o Convenio establece que no ano 2022 a Deputación realizará un adianto do 50% da súa achega no momento da sinatura do Convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación; nas vindeiras anualidades o 50% no primeiro trimestre do exercicio correspondente, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación.

No caso da Deputación de Pontevedra estas cantidades serán aboadas directamente aos concellos sede ou subsede.



O financiamento das aportacións que no ano 2022 lle corresponden á Deputación Provincial de Pontevedra faranse con cargo á aplicación **22/923.1360.462.05** do orzamento provincial dese ano, na que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao devandito gasto.

Para a anualidade 2023 este compromiso subordinarase ao crédito que nese exercicio se consigne no respectivo orzamento, quedando condicionado á aprobación do mesmo.

VIXENCIA DO CONVENIO

De acordo do previsto na cláusula décimo sexta, o Convenio obxecto de informe estenderá a súa vixencia dende o **1 de xaneiro de 2022** ata o **31 de decembro de 2023**. Ao termo de cada anualidade calquera das partes poderá denunciar o convenio cunha antelación mínima dun mes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da LBRL e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte ás súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como “un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá”. E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 2/1985 de Protección Civil e as sentenzas 123/1984, do 18 de decembro, e 133/1990, do 19 de xullo, do Tribunal Constitucional coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

Segundo. En relación co anterior, as deputacións provinciais, en canto órganos de goberno da provincia, deben prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e, en particular, participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Neste sentido o artigo 36.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) establece como competencia propia das deputacións a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de prevención e extinción de



incendios nos municipios de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 26 da Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, as deputacións exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesa Lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non conten con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Terceiro. Pola súa banda, o artigo 198 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a posibilidade de que as Entidades Locais celebren convenios para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

A través destes convenios as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores; e en especial, as deputacións provinciais poderán subscribir con todos o algún dos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

Cuarto. Por último sinalar que o presente Convenio cumpre co establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto infórmase favorablemente a tramitación do novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais.”

Visto o informe da Secretaría Xeral, de data 30 de decembro de 2021, no que se presta conformidade ao informe do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal e na súa consecuencia infórmase favorablemente o texto do Convenio, reflectindo que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno (art. 174.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo e Base 16^a.3,b) do Orzamento).

Visto o informe da Intervención Xeral, de data 30 de decembro de 2021, no que se fan unha serie de observacións e se informa favorablemente o expediente,



senalando que a anualidade correspondente a 2022 será imputable á aplicación 22/923.1360.462.05, na que existe crédito no orzamento para o exercicio 2022 definitivamente aprobado.

Visto, así mesmo, o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social adoptado na sesión celebrada o 11 de xaneiro de 2022.

Por todo o exposto, en aplicación da base 16.3 b), das aprobadas para a execución do orzamento, o Pleno acorda por unanimidade dos vinte e seis membros presentes:

Primeiro. Aprobar o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, cuxo teor literal se contén no documento referenciado co Código seguro de verificación (CSV): 8NZ62XLO1H8A7151.

Segundo. O importe correspondente ao 2022, **941.333,33 €**, financiarase con cargo á aplicación **22/923.1360.462.05** do orzamento provincial dese ano, na que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao devandito gasto. Para a anualidade 2023 este compromiso subordinarase ao crédito que nese exercicio se consigne no respectivo orzamento, quedando condicionado á aprobación do mesmo.

Terceiro. Facúltase á Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización do mencionado convenio mediante a súa sinatura e para a aprobación de cantos outros documentos garden relación co mesmo.

5.7725.- **APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA REDE PROVINCIAL DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍASBAIXAS”. (EXPTE. 2021050086)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ao punto 5. Aprobación inicial da ordenanza reguladora do funcionamento da Rede provincial de oficinas de turismo



“InfoRíasbaixas”. Para informar sobre este tema ten a palabra a delegada da área de turismo a Sra. Ana Laura Iglesias.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidenta. Moi bo día a todas e a todos. A Deputación de Pontevedra como ben saben ten entre os seus obxectivos a execución, coordinación e impulso de accións de promoción e desenvolvemento do destino Rías Baixas Pontevedra provincia. Apostando entre outras moitas cousas pola atención informativa dirixida ós turistas e visitantes. Por iso, entre os obxectivos desta ordenanza, que hoxe traemos a súa aprobación inicial, destaca a prestación dun servizo de información turístico organizado, coherente, de calidade, con fácil acceso e con boa imaxe. Para acadar eses obxectivos é indispensable un sistema de información en rede, que debe de contribuír ao reforzo da competitividade e á mellora da calidade no servizo desta materia. Dende a súa creación a Rede “InfoRíasBaixas” tivo unha grande acollida contando actualmente cun total de 31 oficinas e puntos de información situados en 25 concellos da nosa provincia, por iso adaptamos a ordenanza a esta nova realidade, de crecemento e fortalecemento da rede provincial, ao mesmo tempo que se axiliza a tramitación administrativa dos concellos adheridos. As novidades que se introducen na ordenanza son: o aliñamento co plan nacional de territorios intelixentes, que é a norma a seguir para a rede de destinos turísticos intelixentes, da que somos membros e mesmo formamos parte da súa comisión executiva. Ademais, neste momento estamos executando o proxecto “Turis Inside” financiado por Red.es que implica entre outras cousas a dixitalización de moitas destas oficinas adheridas á nosa rede e, polo tanto, é necesaria recoller esta realidade. Actualizamos o procedemento da adhesión que será exclusivamente electrónico, adaptándonos así á tramitación exclusivamente online dos procedementos administrativos. Así mesmo recollemos de forma explícita que dende Turismo Rías Baixas prestaremos o servizo para a obtención da Q de Calidade por parte das oficinas adheridas e facemos isto logo de acadar 11 distintivos no ano 2021 un mais que no ano 2020 e que recolleremos, como informou a Presidenta no día de onte, a vindeira semana en Fitur. Ademais o convenio de adhesión pasará a ter un carácter indefinido para que os concellos só teñan que presentar unha memoria anual do cumprimento das condicións que motivaron a adhesión, de modo que se simplifica a tramitación que deben facer os concellos de renovación anual. Como ven, trátase dunha actualización da ordenanza coa finalidade de adaptala á nova realidade turística que está a vivir a nosa provincia, así como facilitar tanto as adhesións como os trámites que teñan que levar a cabo os concellos adheridos. Moitas grazas.



Sra. Presidenta.- Grazas Sra. Deputada. Pois ben, non hai palabras solicitadas, polo tanto someto a aprobación inicial esta ordenanza reguladora do funcionamento da rede provincial de oficinas de turismo “Info RíasBaixas”
¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Xa que logo, o **acordo** adoptado é o seguinte:

Vista a memoria xustificativa de 7 de novembro de 2021 da Técnica de Administración, conformada pola Xefa do Servizo de Turismo e pola Deputada delegada de Turismo, sobre incoación do procedemento para a aprobación da ordenanza reguladora do funcionamento da rede provincial de oficinas de turismo “Info Ríasbaixas”.

En cumprimento do establecido no artigo 133 LPAC, con carácter previo á elaboración da ordenanza iniciouse un procedemento de consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra e que durante o período de consulta, do 27 de setembro ao 5 de outubro de 2021 non se recibiron propostas nin suxestións, segundo consta no certificado emitido pola Xefa de Sección de Contidos Web.

Consta no expediente informe favorable de Secretaría de data 17 de novembro de 2021 e dilixencia de conformidade de Intervención, de data 30 de novembro de 2021.

Segundo consta na memoria xustificativa, a norma non supón unha ordenación de especial relevancia económica, social, cultural e artística e dela non se derivan incidencias no réxime de igualdade entre homes e mulleres, polo que non se considera necesaria a elaboración dun informe de impacto por razón de xénero, segundo o previsto no artigo 10 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

Considerando que segundo o disposto no artigo 33.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia do Pleno da Deputación de Pontevedra a aprobación das ordenanzas.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, acorda por unanimidade dos vinte e seis membros presentes:



Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do funcionamento da rede provincial de oficinas de turismo “Info Ríasbaixas”, de conformidade co seguinte teor literal:

“ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DA REDE PROVINCIAL DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍASBAIXAS”

PREÁMBULO

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a execución, coordinación e impulso de accións de promoción e desenvolvemento do destino Rías Baixas, apostando por unha oferta turística de calidade mediante a unificación, fomento e seguimento da mesma, mesmo nas actuacións de atención informativa dirixida ao turista ou consumidor final, que ao visitar un destino culmina con este complexo e heteroxéneo proceso.

A fase de información é un dos primeiros contactos reais que se teñen no destino e moi valorado por parte das persoas visitantes de cara á apreciación do seu grao de satisfacción. Entre os obxectivos desta ordenanza destaca a prestación dun servizo de información turística organizado, coherente, de calidade, con fácil acceso e con boa imaxe. Para acadar estes obxectivos é indispensable un sistema de información en rede, que debe contribuír ao reforzo da competitividade e á mellora da calidade no servizo nesta materia. A utilización dunha ordenanza para acadar este obxectivo é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

Dende hai anos, a Deputación de Pontevedra fomenta a transformación do destino “ría baixas” nun destino turístico intelixente (DTI), apostando por unha infraestrutura tecnolóxica de vangarda que garanta o desenvolvemento sustentable, que promove a accesibilidade e facilita a interacción e integración das persoas visitantes coa contorna, incrementando a calidade da súa experiencia en destino. A certificación como DTI afianzará a gobernanza do destino turístico mediante a implicación dos diferentes actores do sistema, fortalecendo as estruturas internas de xestións. Ademais, permitirá actualizar os produtos e servizos turísticos co obxectivo de ofrecer experiencias óptimas ás persoas viaxeiras e consolidar esquemas colaborativos baseados na innovación.

Por outra parte, a Deputación de Pontevedra está desenvolvendo o proxecto “Tourist Inside”, dentro do Plan Nacional de Territorios Intelixentes (PNTI), que ten como obxectivo principal avanzar na transformación da provincia como destino turístico intelixente, mellorar a eficiencia enerxética e reducir a pegada de carbono asociada á actividade da provincia e, especificamente á actividade turística, fomentar a interoperabilidade coas distintas administracións e axentes, promover un acceso transparente e universal aos datos públicos dos servizos por parte da cidadanía, visitantes, profesionais e empresas, así como implantar ferramentas e sistemas baseados en estándares inoperables e impulsar métricas de medición da satisfacción da cidadanía.



Ademais, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, lidera a implementación da norma UNE-ISO 14785:2015, que establece unha serie de requisitos mínimos de calidade para os servizos prestados polas oficinas de información turística co fin de satisfacer as expectativas das persoas visitantes. En virtude da certificación do cumprimento desta norma, as oficinas de turismo cuxa titularidade corresponde á Deputación de Pontevedra, ostentan os distintivos da Marca Q de Calidade Turística.

A partir do plan estratéxico do turismo da provincia de Pontevedra de 2017 impulsouse a creación da rede de oficinas de turismo “INFO RÍASBAIXAS”, co obxectivo de fortalecer a prestación dun servizo de calidade, homoxéneo e global do destino. Así, aprobouse a ordenanza reguladora da creación de oficinas “INFO RÍASBAIXAS”, publicada no BOP número 93 de 15 de maio de 2018.

A rede de oficinas de turismo permite as sinerxías entre as entidades públicas da provincia para acadar a transformación do destino “Rías Baixas” mediante as políticas sinaladas.

Dende a súa creación, adheríronse 28 oficinas e puntos de información turística de 25 concellos da provincia, que xunto coas tres oficinas propias da Deputación de Pontevedra, conforman unha rede de 31 oficinas e puntos de información turística.

As entidades titulares das oficinas e puntos de información turística adheridos á rede de oficinas beneficianse do coñecemento na xestión da norma do persoal do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra para a súa implementación, o que permitiu, ata o de agora a certificación de dez oficinas de información adheridas.

Transcorridos máis de tres anos dende a entrada en vigor da ordenanza resulta necesario actualizar o contido para satisfacer as seguintes necesidades:

- Determinar as características técnicas mínimas que deben cumprir as oficinas e/ou puntos de información integradas na rede.
- Regular o procedemento administrativo electrónico de adhesión á rede.

A ordenanza contén a regulación imprescindible para atender a necesidade e os obxectivos que se perseguen e, ao mesmo tempo, contén medidas de eficiencia na xestión dos recursos públicos. O procedemento que se contempla para a adhesión dos establecementos á rede provincial de oficinas de turismo é sinxelo e áxil, establece as relacións electrónicas entre as partes nun entorno accesible, de seguridade, integridade e publicidade e evita cargas innecesarias ou accesorias.

A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exerce de xeito coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea.



Con carácter previo á elaboración da ordenanza iniciouse un procedemento de consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra. Durante o período de consulta, do 27 de setembro ao 5 de outubro de 2021 non se recibiron propostas nin suxestións.

O cumprimento das previsións do artigo 49 LBRL ao respecto dos trámites de información pública e audiencia ás persoas interesadas supón a utilización de medidas que permiten o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e aos documentos propios do seu proceso de elaboración e posibilitan que a cidadanía teña unha participación activa no proceso de elaboración da norma.

TÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

O obxecto da presente ordenanza é determinar os requisitos de adhesión á rede, establecer o procedemento e regular o funcionamento da rede de oficinas de turismo “INFO RÍASBAIXAS”.

ARTIGO 2. OFICINAS E/OU PUNTOS DE INFORMACIÓN DA REDE INFO RÍASBAIXAS

A rede de oficinas “INFO RÍASBAIXAS” está integrada polas oficinas e/ou puntos de información turística cuxa titularidade corresponde á Deputación de Pontevedra e polas dependentes de entidades locais da provincia de Pontevedra adheridas á rede segundo o procedemento establecido nesta norma.

ARTIGO 3. TITULARIDADE DAS OFICINAS E/OU PUNTOS DE INFORMACIÓN ADHERIDOS Á REDE “INFO RÍASBAIXAS”

A adhesión á Rede “INFO RÍASBAIXAS” non supón a cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos para o seu exercicio á Deputación de Pontevedra. En particular, en ningún caso suporá a subrogación pola Deputación de Pontevedra de dereitos e obrigas das entidades solicitantes relacionados co persoal que preste servizos nas oficinas e/ou puntos de información adheridos.

ARTIGO 4. FINALIDADE, SERVIZOS E VANTAXES DAS OFICINAS INTEGRADAS NA REDE “INFO RÍASBAIXAS”

A finalidade da rede de oficinas é ofrecer ás persoas visitantes un servizo de información turística organizado, coherente, de calidade e de fácil acceso. Para acadar estes obxectivos, a Deputación de Pontevedra ofrecerá ás entidades adheridas os seguintes servizos:

- Desenvolvemento dunha imaxe e unha cultura corporativa común para todas as oficinas e puntos de información.
- Utilización de plataformas de xestión, soportes e contidos informativos homoxéneos, respectando as singularidades de cada municipio.
- Implementación de metodoloxías unificadas para a prestación do servizo.



- Coordinación e apoio técnico entre o Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra e os puntos de información da provincia adheridos no relativo a políticas turísticas e de promoción.
- Cobertura de demandas de información turística actualizada homoxénea e baseadas en novos métodos e tecnoloxías.
- Obtención de estatísticas cuantitativas fiables sobre os perfís das persoas turistas que visitan a provincia co fin de poder definir e implementar unha estratexia de promoción.
- Posibilidade de obtención do distintivo de calidade “Q”, conxuntamente coa oficina de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra e/ou certificacións de cumprimento de sistemas de calidade que se implementen na rede de oficinas.
- Posibilidade de acceder ás convocatorias de concesións de subvencións para o financiamento da contratación de persoal de información turística da Deputación de Pontevedra.
- Posibilidade de ser beneficiario e/ou incluído en proxectos de innovación e/ou promoción do destino “Rías Baixas”.
- Apoio no reforzo da marca “Rías Baixas” e posibilidade de participar na estratexia turística do destino para a dinamización económica do territorio.

ARTIGO 5. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS DAS OFICINAS E/OU PUNTOS DE INFORMACIÓN INTEGRADAS NA REDE “INFO RÍASBAIXAS”

As oficinas e/ou puntos de información integradas na rede de oficinas “INFO RÍASBAIXAS” deberán cumprir, como mínimo, coas seguintes características técnicas:

A) INFRAESTRUTURA E SERVIZOS

- Sinalización direccional do establecemento no municipio no que se atope, de acordo co Manual de Sinalización Turística de Galicia.
- Espazo interior con mobiliario apropiado de oficina, con zonas diferenciadas de atención ao público e de autoservizo ou autoinformación.
- Espazo de almacén diferenciado da zona de atención non visible nin accesible polas persoas visitantes.
- Equipamento informático e acceso a internet cunha velocidade mínima de subida de 1 Mbps, necesario para poder acceder ás plataformas de xestión da Rede “INFO RÍASBAIXAS”.

B) LIMPEZA E MANTEMENTO

- Existencia dun plan de limpeza documentado.
- Existencia dun plan de mantemento de equipos, instalacións e servizos existentes.
- Cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais.
- Certificado vixente de control de pragas que inclúa, en todo caso, a desinfección, desratización e desinsectación (DDD).
- Certificado vixente sobre cumprimento da inspección periódica de instalacións emitido por un organismo de control autorizado (OCA), no caso de ser obrigatoria conforme a normativa aplicable.

C) ACCESIBILIDADE



Cumprimento da seguinte normativa en materia de accesibilidade, sen prexuízo daquela outra que resulte procedente:

- Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidades e da súa inclusión social.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade de Galicia.
- Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
- Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

TÍTULO II PROCEDIMENTO DE ADHESIÓN

ARTIGO 6. ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán solicitar a adhesión á Rede “INFO RIASBAIXAS” as entidades da provincia de Pontevedra que integran a Administración local, así como os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes delas que dispoñan dunha oficina ou punto de información turística na provincia de Pontevedra que cumpra as características técnicas sinaladas no artigo 4.

ARTIGO 7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión iníciase desde o día seguinte ao da entrada en vigor desta ordenanza e permanecerá aberto mentres se manteña a súa vixencia.

ARTIGO 8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado “Solicitud de adhesión á rede INFO RÍASBAIXAS” no procedemento SIA 2654590 dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de presentar a solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende mediante a presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizara a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

ARTIGO 9. COMPROBACIÓN DE DATOS



Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

ARTIGO 10. DOCUMENTACIÓN

As persoas solicitantes deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Certificado de acordo do órgano de goberno competente sobre a solicitude de adhesión da oficina ou punto de información turística á rede “INFO RÍASBAIXAS”.
- Plano de situación da oficina ou punto de información turística no que se indiquen os puntos nos que se atopan os elementos de sinalización direccional.
- Certificado vixente de control de pragas que inclúa, en todo caso, a desinfección, desratización e desinsectación (DDD).
- Certificado vixente sobre cumprimento da inspección periódica de instalacións emitido por un organismo de control autorizado (OCA), no caso de ser obrigatoria conforme a normativa aplicable. Deberá presentar tantos certificados como sexa necesario, en función da superficie e instalacións do establecemento.
- Plan de limpeza.
- Plan de mantemento de equipos, instalacións e servizos existentes.
- Fotografías do exterior e interior das instalacións.

A documentación complementaria presentarase por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

ARTIGO 11. INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A instrución do procedemento corresponde ao Servizo de Turismo.



Recibidas as solicitudes, o órgano instructor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime conveniente para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

En particular, o órgano instructor verificará se a oficina ou punto de información turística cumpre coas características técnicas esixidas no artigo 4.

Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás persoas interesadas ou, no seu caso, aos seus representantes, que poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes nun prazo de dez días.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas pola persoa interesada.

ARTIGO 12. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DAS SOLICITUDES

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectualos electronicamente a través do modelo “Instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriráselle á persoa interesada para que no prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non facelo, teráselle por desistido da súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

ARTIGO 13. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A resolución do procedemento corresponde á Presidencia da Deputación de Pontevedra ou deputado ou deputada en quen delegue.

A resolución ditarase de forma electrónica, decidirá sobre a estimación ou non da solicitude de adhesión e incluírá, entre outros aspectos, os elementos materiais que a Deputación de Pontevedra proporcionará á entidade adherida para manter unha imaxe unificada do destino, de acordo co establecido no artigo 16.

A resolución notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo máximo para resolver e notificarlles ás persoas interesadas a resolución do procedemento é de tres meses a contar dende a data en que a tivera entrada no rexistro da



Deputación de Pontevedra. Transcorrido este prazo sen notificarse a resolución aos interesados, a solicitude entenderase desestimada.

A resolución pon fin á vía administrativa. Contra ela, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da notificación, de acordo co disposto nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben, directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Todo elo sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso que estimen conveniente.

ARTIGO 14. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e outros actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da “Carpetta Cidadá” e de “Dirección Electrónica Habilitada Única”. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta da disposición da notificación sen que se acceda a esta.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

ARTIGO 15. PRAZO DE VIXENCIA DA ADHESIÓN

A adhesión das oficinas e/ ou puntos de información turística terá unha vixencia indefinida en tanto se manteñan as condicións e circunstancias nas que se fundamentou a súa estimación.

Non obstante, para a conservación da adhesión a entidade titular da oficina adherida deberá xustificar anualmente o mantemento das circunstancias características técnicas mínimas sinaladas no artigo 4. A estes efectos, deberá presentar una declaración utilizando o formulario normalizado “Declaración sobre o mantemento das condicións de adhesión á rede de oficinas “INFO RÍASBAIXAS”” no procedemento correspondente dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e acompañar a seguinte documentación: Certificado vixente de control de pragas que inclúa, en todo caso, a desinfección, desratización e desinsectación (DDD).

- Certificado vixente sobre cumprimento da inspección periódica de instalacións emitido por un organismo de control autorizado (OCA), no caso de ser obrigatoria conforme a



normativa aplicable. Deberá presentar tantos certificados como sexa necesario, en función das instalacións existentes no establecemento.

- Plan de limpeza.
- Plan de mantemento de equipos, instalacións e servizos existentes.

O interesado deberá achegar esta documentación entre dous meses e un mes antes do cumprimento de cada anualidade de vixencia da adhesión.

A non aportación no prazo establecido desta documentación dará lugar á suspensión automática da adhesión, así como ao inicio do procedemento de resolución. A suspensión levantarase pola aportación da documentación, se aínda non se comunicara á persoa interesada o inicio do procedemento de resolución.

Á vista da documentación, o órgano instructor do procedemento emitirá un informe sobre o mantemento da vixencia da adhesión. No caso de ser desfavorable, iniciárase o procedemento de resolución.

TÍTULO III OBRIGAS DAS PARTES

ARTIGO 16. OBRIGAS DA ENTIDADE ADHERIDA

A presentación da solicitude de adhesión e a posterior resolución estimatoria suporá a aceptación pola entidade titular da oficina e/ou punto de información turística das obrigas que se deriven desta ordenanza e, en particular, das seguintes:

- Nomear a unha persoa que actuará como interlocutora coa Deputación de Pontevedra para a correcta comunicación entre ambas institucións na xestión ordinaria da oficina ou punto de información turística, e comunicar calquera cambio que se produza.
- Garantir o correcto funcionamento da oficina e/ou punto de información de cara a unha adecuada prestación do servizo.
- Crear ou manter unha dirección de correo electrónico propia da oficina ou punto de información turística co fin de poder xestionar as peticións da cidadanía ou de organismos oficiais.
- Manter as características técnicas mínimas do espazo, conforme ao disposto no artigo 4.
- Comunicar á Deputación de Pontevedra calquera variación das circunstancias que se tiveran en conta para a adhesión, tan pronto se produza.
- Manter en bo estado de conservación a oficina e/ou punto de información turística, realizando as revisións obrigatorias e outras que procedan ante as posibles avarías dos equipos.
- Cumprir o plan de limpeza programado na oficina ou punto de información turística.
- Facilitar e colaborar nas accións necesarias de cara a posibles melloras tecnolóxicas, de sinalización ou no intercambio de información turística.



- Empregar o sistema de estatísticas da Rede “INFO RIASBAIXAS” e colaborar na recollida de datos estatísticos para o Observatorio Turístico Rías Baixas, no caso de que a Deputación de Pontevedra o solicite.
- Empregar os procedementos, instrucións e rexistros para a xestión do servizo de atención da Rede “INFO RIASBAIXAS” facilitados polo Servizo de Turismo.
- Manter en todo momento a imaxe corporativa da Rede “INFO RIASBAIXAS”, e seguir o manual de identidade corporativa ante a incorporación de novos elementos na oficina e/ou punto de información adherido.
- Garantir a apertura ao público da oficina ou punto de información durante un prazo mínimo de dous meses ao ano, entre os de maior afluencia turística. O período de apertura deberá ser comunicado á Deputación de Pontevedra durante os dous primeiros meses de cada ano e, en todo caso, cun mes de antelación á apertura.
- Implantar e cumprir aquelas medidas preventivas, de seguridade ou plans de continxencia que sexan comunicados pola Deputación de Pontevedra.
- Poñer en coñecemento do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra a instalación e/ou emprego de calquera outra base de datos turísticos ou ferramenta informática distinta ás facilitadas pola Deputación de Pontevedra.
- Poñer en coñecemento da Deputación de Pontevedra a identificación e datos de contacto do persoal informador turístico tan pronto sexa posible.

ARTIGO 17. OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra proporcionará ás entidades adheridas a seguinte asistencia e material:

- Acceso á utilización da intranet de Turismo Rías Baixas – Deputación de Pontevedra para a utilización de plataformas de xestión, soportes e contidos informativos de carácter turístico homoxéneos.
- Coordinación e apoio técnico no relativo a metodoloxías para a prestación do servizo e de políticas turísticas e de promoción.
- Entrega de material de información turística actualizado e homoxéneo baseado en novos métodos e tecnoloxías.
- Información sobre os datos estatísticos de perfís das persoas turistas que visitan a provincia de Pontevedra.
- Apoio técnico para a obtención de distintivos de calidade.
- Posibilidade de acceso ás axudas convocadas pola Deputación de Pontevedra para a dotación de persoal ou ás bolsas de práctica laboral con destino á oficina de turismo adherida, así como de ser incluído en proxectos de innovación e /ou promoción do destino.
- Dotación dunha imaxe e cultura corporativa común e coherente para proporcionar unha imaxe unificada do destino. Con este fin, proporcionará o material necesario, que poderá consistir en: placa identificativa, placa de horarios, placa de situación, fondo gráfico de parede, expositor de pósters, uniforme e tarxeta de identificación do persoal de información e calquera outro que a Deputación de Pontevedra considere necesario para manter a imaxe unificada do destino.



ARTIGO 18. RESPONSABILIDADE POR DANOS

No caso de que, como consecuencia do servizo prestado nas oficinas ou puntos de información turística adheridas á rede se produzan danos a terceiros dos que se derive unha responsabilidade patrimonial da Administración nos termos previstos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, responderá, en todo caso, a entidade titular da oficina ou punto de información adherido.

TÍTULO IV RESOLUCIÓN DA ADHESIÓN

ARTIGO 19. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución da adhesión as seguintes:

- a) A perda sobrevinda das características técnicas mínimas da oficina ou punto de información turística esixidas no artigo 4.
- b) O incumprimento total ou parcial das obrigas da entidade adherida.
- c) A non aportación da documentación enumerada no artigo 14, necesaria para o mantemento da vixencia da adhesión.
- d) O acordo unánime das partes.
- e) A decisión xudicial declarativa da nulidade da adhesión.

ARTIGO 20. PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN

A existencia dalgunha das causas de resolución sinaladas no artigo anterior dará lugar á resolución da adhesión da oficina ou punto de información á rede de oficinas e, en consecuencia, da perda de dereitos derivados da pertenza á mesma.

O procedemento de resolución iniciarase cando se teña coñecemento directo ou indirecto da existencia dalgunha das causas previstas no artigo anterior e o acordo de inicio do procedemento de resolución notificárase ás persoas interesadas.

A instrución do procedemento corresponde ao Servizo de Turismo.

No caso de que o procedemento se inicie como consecuencia da existencia dunha causa de resolución prevista nos apartados a), b) ou c) do artigo 17 desta ordenanza, iniciado o procedemento, o órgano instrutor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime conveniente para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formularse a proposta de resolución.

En calquera momento do procedemento, anterior ao trámite de audiencia, as persoas interesadas poderán aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente para redactar a proposta de resolución.



Instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados ou, no seu caso, aos seus representantes, quen poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos e outras alegacións e probas que as aducidas pola persoa interesada.

A resolución porá fin ao procedemento e decidirá todas as cuestións expostas polas persoas interesadas e aquelas outras derivadas do mesmo. A resolución será motivada e, contra a mesma, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante o orde xurisdiccional contencioso – administrativo.

TÍTULO V PROTECCIÓN DE DATOS

ARTIGO 21. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos no procedemento regulado nesta ordenanza serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súa propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>

TÍTULO VI RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 22. RÉXIME XURÍDICO

O funcionamento da rede de oficinas de turismo “INFO RÍASBAIXAS” rexerese polas seguintes disposicións legais, os seus desenvolvementos posteriores e polas demais normas de pertinente aplicación:

- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.



- Lei 39/2015, do 1 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

PRIMEIRA. RÉXIME TRANSITORIO DOS PROCEDEMENTOS

Aos procedementos de adhesión xa iniciados antes da entrada en vigor desta ordenanza non lles será de aplicación a mesma, rexéndose pola normativa anterior.

Os actos e resolucións pendentes de execución á entrada desta ordenanza rexeranse, para a súa execución, pola normativa vixente cando se ditaron.

A vixencia da adhesión das oficinas e puntos de información adheridos segundo a normativa anterior extinguirase á data prevista, sen posibilidade de prórroga. En caso de desexar manter a adhesión á rede, as entidades titulares das oficinas e puntos de información adheridos deberán iniciar un novo procedemento de adhesión segundo o disposto nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

ÚNICA. DERROGACIÓN NORMATIVA

Queda derrogada expresamente a Ordenanza reguladora da creación da rede de oficinas “INFO RÍASBAIXAS” publicada no BOPPO nº 93 do 15 de maio de 2018.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA. DESENVOLVEMENTO

Autorízase á Presidencia e, no seu nome, á/o deputada/o delegada/o para ditar cantas instrucións sexan precisas para o desenvolvemento desta ordenanza.

SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA

Esta ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e non entrará en vigor ata a súa completa publicación e o transcurso do prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Publicarase, así mesmo, na sección de transparencia do portal corporativo da Deputación de Pontevedra.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital”.



Segundo.- Someter dito texto a exposición pública por un prazo de 30 días hábiles, mediante anuncios no BOPPO, no taboleiro provincial e no portal de transparencia provincial. Neste último publicarase tamén o texto da disposición, a súa memoria xustificativa e os informes emitidos.

Terceiro.- Considerar definitivamente aprobada a ordenanza no caso de non presentarse alegacións en prazo.

Cuarto.- Proceder, unha vez aprobadas definitivamente tales modificacións, á súa publicación íntegra no BOPPO, sen que entren en vigor ata que teña lugar dita publicación e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, procederáse á publicación do seu texto no portal de transparencia.

6.7726.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE BARRO DA EP-0509 RAMAL DA IGREXA-PORTELA, DO TREITO ANTIGO NA EP-0506 CURRO-PORTELA E DO TREITO ANTIGO NA EP-9407 A GOULLA-PORRÁNS. (EXPTE. 2020020698)**

Sra. Presidenta.- No punto 6. Se lles parece dou lectura dos puntos 6 e 7 e logo os votamos. No punto 6 e no 7 hai dous cambios de titularidade e posterior entrega a concellos, no 6 ao Concello de Barro da estrada provincial Ramal Igrexa-Portela e do treito antigo da estrada provincial Curro-Portela e do treito antigo da estrada provincial A Goulla-Porráns. E no 7, tamén ese cambio de titularidade e neste caso ao Concello de Meis dos treitos das estradas Mosteiro-Barrantes, Galles-Armenteira e A Goulla-Porráns. ¿Algunha observación? Entón, as someto a votación. ¿Votos a favor do punto 6?. Si. ¡Ah!, perdón, Sr. Mosquera, non o ...

Sr. Mosquera Lorenzo.- A ver, grazas Sra. Presidenta. A ver, poden parecer uns asuntos destes de trámite, pero enlazado co punto 3 ten a súa importancia e non quero deixalo pasar sen comentalo, ¿non?. Bueno, a rede de estradas provinciais ten 1.600 km., aproximadamente, e a verdade é que, bueno, pois con respecto ás titularidades pois hai anos que se está intentando racionalizar, pero si houbo bastantes problemas que agora se están intentando resolver, ¿non?. E di, bueno, ¿que importancia ten que pase un treito, ¿non?, dunha estrada provincial, que



pase a un concello?, pois bastante máis do que aparenta. Por exemplo, se se quere construír ó lado, ou quere facer un peche ou o que sexa non hai que pedir permiso á Deputación, con todas as distancias e rangos que ten, ¿non?, supón que a xestión do, dese treito pois é, pasa ó concello que pode facer con el pois outras finalidades diferentes a que sexa unha estrada pura e dura, como son as que en principio son de titularidade da Deputación. Entonces, creo que este tipo de, vamos, de trámites que son bastante enfarragosos, creo que é interesante, é interesante fácelo e á parte é unha competencia estritamente desta Deputación e, bueno, en relación cos concellos, non o que sucedeu, o que sucedeu antes, eu resístome a non contar unha anécdota, acórdome no ano 92, por aí, que o Interventor de Pontevedra, Manuel Loureiro, cando querían delegar os servizos sociais nos concellos, que era unha competencia da Xunta, pois o Interventor dixo “nin se vos ocorra”, daquela era alcalde do PP Cobián, nin se vos ocorra porque agora vanvos a pasar, ou sea, de aquela, 20 millóns de pesetas para gastar 20 millóns e dentro duns anos vades a gastar vós, o concello, bastante máis do que aporta a Xunta. Efectivamente, foi profético e así sucedeu, ¿non?. Entón estas delegacións contra incendios forestais, os incendios forestais son competencia estrita da Xunta, ... colabore usté, si, colabore usté, verá usté como remata pagando case todo, por desgracia é unha práctica habitual. Bueno, neste caso estamos falando dunha competencia pura e dura da Deputación, en relación ós concellos, para xestionar a súa rede municipal, e normalmente estes tramos de estradas que son doutra administración, neste caso da Deputación, crean moitos problemas de xestión ós concellos e ós veciños, ... creo que é unha boa, vamos unha boa xestión ir racionalizando e pasando ós concellos o que teña que pasar, e bueno, e a Deputación incluso pois se fai falta, ¿non?, pois crear novas vías ou aceptar parte das que tal. Afortunadamente cos concellos pois este mecanismo está indo, coa Xunta, que hai estradas clarisimamente que tiñan que ser, por exemplo a de Carracedo a Rianxo, ¿non?, entonces, bueno, temos absurdos como unha ponte que é a metade da ponte da Deputación da Coruña e a outra metade da ponte da Deputación de Pontevedra. Temos absurdos dese tipo que habería que resolver, bueno, agardemos que no futuro poida ir por aí.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Non habendo máis palabras someto o punto 6 a votación. ¿Votos a favor?.

Sr. Secretario.- Falta Cubela e ...

Sra. Presidenta.- Pero bueno, é unanimidade.



Xa que logo, o **acordo** adoptado é o seguinte:

“Antecedentes.

1. Acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 29 de decembro de 2020, de aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Barro para a execución do proxecto “Recuperación do espazo e mellora da mobilidade peonil na EP-0508 Curro – San Amaro ao seu paso pola praza de San Amaro (Barro)”.

2. Convenio de colaboración formalizado o 23 de xaneiro de 2021, no cal se recolle na súa cláusula quinta a obriga do Concello de Barro de solicitar as transferencias dos seguintes viais:

– Estrada provincial EP-0509 Ramal da Igrexa–Portela, de 270 metros de lonxitude.

– Treito antigo de 118 metros lineais situado no p.q. 3+600 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-0506 Curro – Portela.

– Treito antigo de 106 metros lineais situado no p.q. 6+400 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-9407 Goulla – Porráns.

3. Informes dos servizos técnicos de 9 de novembro de 2021 sobre a solicitude de transferencia e sobre o valor patrimonial do treito obxecto desta.

Consideracións legais e técnicas:

1ª Lexislación aplicable.

– Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).

– Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).

– Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).

-Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).

– Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.



2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A solicitude de transferencia ao Concello informouse favorablemente polos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 9 de novembro de 2021.

No informe sinálase:

“A EP-0509 Ramal da Igrexa–Portela é unha viario de reducidas dimensións, tanto na súa lonxitude como no ancho de plataforma, que apenas supera os 4 metros. Este viario ten inicio na EP-0508, aproximadamente no p.q. 2+340 e remata nun amplo espazo público xunto á Igrexa de San Mamede da Portela, e non conta con sinalización horizontal, sendo a súa utilidade funcional, unicamente, a de acceso aos predios lindeiros e á antedita Igrexa.

Por outra banda, o treito antigo situado ao remate da EP-0506 Curro–Portela e o treito antigo situado ao remate da EP-9407 A Goulla–Porráns, son o resultado dunha mellora do trazado destas estradas, polo que non forman parte do seu itinerario principal, estes treitos antigos son considerados pola letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia como elementos funcionais das estradas, e serven unicamente de acceso aos predios e edificacións lindeiras logo que ambos son treitos sen saída, polo tanto, sen continuidade viaria e sen formar parte do itinerario viario.

Estes treitos antigos, son treitos terminais ou estremeiros (xa sexan iniciais ou finais), polo que dáse cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, de 26 de maio.

Polo tanto, considérase que a EP-0509 Ramal da Igrexa–Portela e os treitos antigos situados ao remate da EP-0506 Curro–Portela e ao remate da EP-9407 A Goulla–Porráns, carecen da funcionalidade de soporte físico para as comunicacións e a circulación de vehículos automóbiles, en consecuencia, non teñen as características propias das estradas provinciais, por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Barro poderá garantir un mellor mantemento das estradas e levar un control máis directo sobre as mesmas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público”.



Tramítase a proposta de aprobación da transferencia e, posterior entrega ao Concello de Barro, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 9 de novembro de 2021, o valor patrimonial do treito obxecto do cambio de titularidade é de cincocentos vinte e dous mil oitenta e tres euros con trinta e tres céntimos (522.083,33 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita Lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

O artigo 33. 2ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3. a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, acorda por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes, (neste momento, por esta Secretaría, compróbase que non se atopa na sala o Sr. Cubela López non incorporándose no resto da sesión), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Barro da EP-0509 Ramal da Igrexa–Portela e os treitos antigos situados ao remate da EP-0506 Curro–Portela e ao remate da EP-9407 A Goulla-Porráns.

Os ditos treitos do viario incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Barro tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación”.

7.7727.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE MEIS DOS TREITOS DAS ESTRADAS EP-9402 MOSTEIRO-BARRANTES, EP-9406 GALLES-A ARMENTEIRA E EP-9407 A GOULLA-PORRÁNS. (EXPTE. 2020025933)**

O debate deste punto 7 realizouse conxuntamente co punto 6.



Sra. Presidenta.- No punto 7. ¿Votos a favor? Tamén queda aprobado o punto 7 por unanimidade.

Xa que logo, o **acordo** adoptado é o seguinte:

“Antecedentes.

1. Acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 11 de setembro de 2020, de aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meis para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria na EP-9402 Mosteiro–Barrantes, p.q. 0+000 ao p.q. 0+250”.

2. Convenio de colaboración formalizado o 5 de outubro de 2020, no cal se recolle na súa cláusula quinta a obriga do Concello de Meis de solicitar as transferencias dos seguintes viais:

- Treito da EP-9402 Mosteiro – Barrantes, entre os p.q. 0+000 e 0+190.
- Treito da EP-9406 Galles – A Armenteira, entre os p.q. 5+300 e 5+584.
- Treito antigo de 80 metros da EP-9407 A Goulla – Porráns, situado entre os p.q. 0+000 e 0+100 do trazado principal.

3. Informes dos servizos técnicos de 3 de novembro de 2021 sobre a solicitude de transferencia e sobre o valor patrimonial do treito obxecto desta.

Consideracións legais e técnicas:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.



A solicitude de transferencia ao Concello informouse favorablemente polos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 3 de novembro de 2021.

No informe sinálase:

“O treito inicial da EP 9402 Mosteiro–Barrantes, entre os p.q. 0+000 e 0+190, forma parte do núcleo de poboación de O Mosteiro, núcleo principal e de maior poboación do termo municipal de Meis, este treito foi obxecto recentemente de obras de mellora e urbanización modificando a plataforma existente para dotala de plataforma única de prioridade peonil, limitando nesta a velocidade a 10 km/h aos vehículos automóbiles, un paso de peóns sobreelevado e a colocación de mobiliario urbano, xardinería e novas luminarias LED, estas modificacións fanse en desenvolvemento do antedito proxecto de “Mellora da Seguranza Viaria na EP-9402 Mosteiro-Barrantes, p.q. 0+000 ao p.q. 0+250”, tendo polo tanto na actualidade unhas características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario urbano municipal.

Por outra banda, o treito final da EP 9406 Galles–A Armenteira, entre os p.q. 5+300 e 5+584, situase entre a EP-9405 San Martiño–A Armenteira–O Busto e unha glorieta de acceso a dous viarios municipais.

Este treito da estrada foi urbanizado recentemente modificando a súa configuración cara un viario de plataforma única empedrado con lousas de granito, conta con instalación de mobiliario urbano composto por balizas verticais, luminarias LED e bancos urbanos en formación de bancadas lineais de madeira, harmonizando e pondo en valor a contorna do Mosteiro de Armenteira ao que lle dá acceso, polo tanto, na actualidade ten características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario municipal de carácter urbano, servindo principalmente de acceso ao amentado Mosteiro e ás vivendas e negocios de hostalería colindantes.

Por último, o treito antigo situado no inicio da EP-9407 Goulla–Porráns, é o resultado dunha mellora do trazado desta estrada, polo que non forma parte do seu itinerario principal, este treito antigo é considerado pola letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia como un elemento funcional da estrada, e serve unicamente de acceso aos predios e edificacións colindantes logo que é un tramo sen saída, polo tanto, sen continuidade viaria e sen formar parte de itinerario viario.

Todos estes treitos, son treitos terminais ou estremeiros (xa sexan iniciais ou finais), polo que dáse cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, de 26 de maio.

Polo tanto, considérase que os anteditos treitos das EP-9402 Mosteiro-Barrantes; EP-9406 Galles-A Armenteira e EP-9407 A Goulla-Porráns, carecen da funcionalidade de soporte físico para as comunicacións e a circulación de vehículos automóbiles, en consecuencia, non teñen as



características propias das estradas provinciais, por todo o anterior, e logo que con estas transferencias o Concello de Meis poderá garantir un mellor mantemento das estradas e levar un control máis directo sobre as mesmas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente o seu cambio de titularidade a favor do Concello de Meis de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia ”.

Tramítase a proposta de aprobación da transferencia e, posterior entrega ao Concello de Meis, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 3 de novembro de 2021, o valor patrimonial do treito obxecto do cambio de titularidade é de un millón douscentos noventa e catro mil euros (1.294.000,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita Lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.



O artigo 33.2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3 a) e 4.1 b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, acorda por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Meis dos seguintes treitos de estradas provinciais:

- EP-9402 Mosteiro–Barrantes, entre os p.q. 0+000 e 0+190.
- EP-9406 Galles–A Armenteira, entre os p.q. 5+300 e 5+584.
- EP-9407 A Goulla–Porráns, treito antigo de 80 metros entre os p.q. 0+000 e 0+100 do trazado principal.

Os ditos treitos do viario incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Meis tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación.



8.7728.- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-8501 VALGA-MARTORES, PQ 1+050 A 1+500 (VALGA)” E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. (EXPTE. 2021040634)

Sra. Presidenta.- No punto 8. Aprobación inicial do proxecto construtivo de “mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na estrada provincial Valga-Martores”. Se non hai intervencións o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Xa que logo, o **acordo** adoptado é o seguinte:

“Antecedentes:

1-En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia. Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, tanto nas vías de titularidade provincial como local, autonómica ou estatal. Por ese motivo redáctase o proxecto construtivo de “*MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-8501 VALGA-MARTORES, PQ 1+050 A 1+500 (VALGA)*” co fin de recuperar o treito comprendido entre o p.q. 1+050 e o p.q. 1+500 da EP-8501 Valga-Martores, treito no que o espazo público existente na actualidade atópase destinado practicamente na súa totalidade ao vehículo motorizado, sendo un treito moi frecuentado diariamente por peóns ó servir de unión entre o núcleo poboacional de San Miguel e a zona escolar existente no p.q. 1+500 da estrada provincial, así como por peregrinos ó pasar o Camiño de Santiago pola zona de actuación,



exactamente no treito comprendido entre o p.q. 1+050 e o p.q. 1+310 da EP-8501.

O proxecto contempla tres seccións tipo diferentes, en función da casuística existente na zona de actuación:

Do p.q. 1+050 ó p.q. 1+140 realizarase o acondicionamento do espazo público mediante a reordenación da intersección existente no p.q. 1+050, executando unha glorieta que permita ordenar o tráfico nun punto onde conflúen dúas estradas municipais coa estrada provincial, contemplando pasos de peóns sobreelevados na entrada da glorieta, conseguindo desta forma un acougado do tráfico rodado na aproximación á intersección existente, e continuando a actuación pola estrada provincial mediante a execución de dous carrís de 2,75 metros de ancho cada un, beiravías de 0,50 metros e unha senda peonil na marxe dereita da estrada de 2,50 metros de ancho, de formigón coloreado, executándoa desde a glorieta no p.q. 1+050 ata a zona da igrexa no p.q. 1+140, punto onde se produce un estreitamento do ancho da plataforma ó existir edificacións consolidadas nas marxes da estrada.

Do p.q. 1+140 ó p.q. 1+310, treito de sección reducida e con edificacións consolidadas nas marxes da estrada, realizarase a creación dunha zona de convivencia con prioridade peonil e ancho variable, axustándoa ás casas e ós peches existentes, executándoa sobreelevada 12 cm con respecto da rasante do aglomerado e en formigón coloreado e bandas transversais de pedra, co fin de dignificar un espazo público que se atopa nun entorno de gran importancia patrimonial ó actuar nun treito do Camiño de Santiago e existir na marxe dereita do p.q. 1+160 da estrada provincial un elemento patrimonial arquitectónico de gran importancia como é a Igrexa de San Miguel.

Do p.q. 1+310 ó p.q. 1+500 realizarase un ensanche da plataforma existente mediante a execución de muros de contención nas zonas de terrapléns e escavacións nas zonas de desmonte, co fin de conseguir unha sección tipo de mínimo 9,50 metros de ancho total, repartidos en dous carrís de 2,75 metros de ancho cada un, beiravías de 0,50 metros, unha senda peonil na marxe dereita da estrada de mínimo 2,50 metros de ancho e unha cuneta transitable de formigón na marxe esquerda co fin de recoller as augas que baixan desde a zona do desmonte á plataforma da estrada.



A maiores, o proxecto contempla tamén a renovación do aglomerado existente no ámbito de actuación, debido a que o actual atópase nun alto estado de deterioro, así como a execución de medidas de acougado de tráfico mediante a implantación de redutores físicos de velocidade de vehículos e pasos de peóns sobreelevados na totalidade da zona de actuación, co fin de manter unhas velocidades dos vehículos acordes ás características da vía.

Para finalizar, o proxecto contempla a execución dunha nova sinalización horizontal e vertical na totalidade dos 450 metros de actuación, así como a colocación de varandas de seguridade nas zonas de terraplén onde existe perigo de posibles caídas.

Con esta actuación perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

Dentro das obras proxectadas contéplase a instalación dunha nova rede de recollida de augas pluviais e unha nova rede soterrada de alumeadado público con luminarias LED de alto rendemento.

2. O proxecto foi redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Trinidad López Rodríguez, e o director do proxecto é o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Don Francisco Alonso Fernández, Xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

No anexo núm. 3 do proxecto prevese a expropiación de catro parcelas do Concello de Valga.

O importe total dos bens e dereitos afectados ascende a setecentos setenta euros con oitenta e sete céntimos (770,87 €), que serán financiados polo Concello de Valga de conformidade co convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Valga asinado o día 16 de novembro de 2021.

Consideracións legais e técnicas:

1ª.- Lexislación aplicable.

— Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954, sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu Regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- O proxecto de construción da obra “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-8501 VALGA–MARTORES, PQ 1+050 A 1+500 (VALGA)”, redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dona Trinidad López Rodríguez, e o director do proxecto é o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Francisco Alonso Fernández, xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- O proxecto inclúe un Anexo (núm. 3) sobre as necesidades de ocupación de terreos.

Están afectadas catro parcelas situadas no Concello de Valga, sendo a superficie a expropiar a de 61,00 m² clasificadas como solo de núcleo rural, segundo se concreta no seguinte cadro contido no antedito anexo 3:



Resumo Valoracións	
Concepto	Valor (€)
Expropiacións	734,17
Premio de afección (5%)	36,70
TOTAL EXPROPIACIÓN	770,87

— Informe, de 28 de outubro de 2021, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental.

— Informes do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 24/11/2021 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación da mesma.

— Nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, de 14 de decembro de 2021, no que se indica que “examinados os índices deste Rexistro, resulta que as parcelas coas referencias catastrais números: 36056A02100148, 36056A02100155, 36056A02100157 e 36056A02100158 non figuran inscritas neste Rexistro da Propiedade”.

— *Certificación catastral das parcelas* coas referencias catastrais números: 36056A02100148, 36056A02100155, 36056A02100157 e 36056A02100158.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).



Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares (artigo 5.1)”.

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 24 de novembro de 2021 no que se sinala: “Con respecto á necesidade de ocupación de terreos, no proxecto se especifica que se ven afectadas un total de vinte parcelas privadas, tendo a día de hoxe os terreos necesarios para a correcta execución das obras postos a disposición da Deputación de Pontevedra, libres de toda carga, por parte do Concello de Valga, a excepción dos terreos afectados en catro parcelas nas que non se logrou unha cesión voluntaria dos terreos e se contemplou no proxecto levar a cabo un procedemento de expropiación forzosa de 61,00 m² de terreo de propiedade privada, necesaria para a correcta execución do proxecto, repartidos nun total de 4 parcelas diferentes clasificadas como solo de núcleo rural.

Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia dos terreos afectados nestas catro parcelas nas que non se logrou unha cesión voluntaria dos terreos, xa que no treito comprendido entre o p.q. 1+310 e o p.q. 1+500 da EP-8501 Valga–Martores prodúcese un estreitamento da sección útil da mesma, con existencia de leiras privadas pegadas ás marxes da estrada, nun entorno moi frecuentado por vehículos e peóns que conviven diariamente no espazo público existente, con curvas pechadas que dificultan a convivencia amable, segura e agradable entre os peóns e os vehículos, necesitando por seguridade viaria realizar un ensanche da plataforma existente dende o p.q. 1+310, punto onde remata a zona de convivencia contemplada no proxecto, ata a zona escolar existente no p.q. 1+500 da estrada provincial, co fin de poder segregarse neste treito os itinerarios peonís do tránsito de vehículos motorizados ó existir curvas perigosas de visibilidade reducida.



Para eliminar este treito perigoso existente entre o p.q. 1+310 e o p.q. 1+500 da EP-8501 Valga–Martores, faise necesario ensanchar a plataforma o máximo posible co fin de crear itinerarios peonís continuos e seguros segregados da zona de tránsito motorizado, así como mellorar a visibilidade nas curvas pechadas existentes, conseguindo así unha maior seguridade viaria tanto para os peóns como para os vehículos motorizados”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece: “1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.



A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21. 1 da LEG e 49. 1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

“a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.

b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.

c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”



Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinala no informe de Secretaría, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo, tal e como se sinala no informe de Secretaría, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación definitiva do proxecto.

Con respecto da administración competente para a aprobación definitiva do proxecto no segundo as circunstancias concorrentes neste expediente e considerase que:

Do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).



De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“ 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación (artigo 21.1 LEG)”.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 12/08/2021. A Intervención Xeral informou favorablemente o mesmo.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de *“Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga–Martores, dende o p.q. 1+050 ata o p.q.*



1+500”, cun orzamento de licitación de 462.521,60 € e de expropiacións de 770,87 €.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relacións de bens e dereitos afectados pola expropiación e tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia, no taboleiro de edictos e do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

Núm. de Orde	Referencia Catastral	Bens afectados
1	36056A02100148	8 m ² de superficie expropiada
2	36056A02100155	43 m ² de superficie expropiada
3	36056A02100157	8 m ² de superficie expropiada
4	36056A02100158	2 m ² de superficie expropiada



9.7729.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DO PQ 1+145 AO PQ 1+160 DA EP-9107 CAMIÑO VIRXE DAS MAREAS (O GROVE)” E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. (EXPTE. 2021048045)**

Sra. Presidenta.- No punto 9. Aprobación inicial do proxecto de construción da obra “mellora da seguridade viaria na estrada provincial Camiño Virxe das Mareas en O Grove” e do expediente de expropiación. Se non hai tampouco intervencións o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado, tamén, por unanimidade.

Xa que logo, o **acordo** adoptado é o seguinte:

“Antecedentes:

1- En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, tanto nas vías de titularidade provincial como local, autonómica ou estatal. Por ese motivo redáctase o proxecto de construción da obra “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DO PQ 1+145 AO PQ 1+160 DA EP-9107 CAMIÑO VIRXE DAS MAREAS. O GROVE” coa fin de eliminar a situación de risco provocada pola discontinuidade existente no itinerario peonil da marxe esquerda entre o p.q. 1+145 e o p.q. 1+160, contemplando realizar a execución dun treito de beirarrúa de 14,50 m. de lonxitude que conecte os dous treitos de beirarrúa existentes que na actualidade se atopan separados por dúas parcelas de titularidade privada que será preciso ocupar. Ademais realizarase o



saneamento do firme existente da calzada nunha banda de 0,80 m de ancho no borde esquerdo afectado polo cerramento existente e a renovación da capa de rodadura na superficie indicada no plano de planta de actuación.

Tras realizar as correspondentes labores de recompilación e toma de datos, que permiten ter un amplo coñecemento da zona, no que se refire ao seu estado actual de conservación, servizos existentes, problemas detectados, necesidades a satisfacer, identificación de elementos de interese patrimonial, etc., redáctase o proxecto de construción, onde se describen unha serie de actuacións necesarias na estrada entre o p.q. 1+145 e o p.q. 1+160.

2- Proxecto de construción da obra foi redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Jaime David Ruibal de Sola, técnico de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

No anexo núm. 1 do proxecto de construción da obra prevese a expropiación de dúas parcelas no Concello de O Grove, así como unha serie de bens que resultan afectados pola actuación.

O importe total dos bens e dereitos afectados ascende a dous mil trescentos dezanove euros con sesenta e seis céntimos (2.319,66 €), que serán financiados polo Concello de O Grove de conformidade co acordo adoptado na Xunta de Goberno Local o día 27 de setembro de 2021 e remitida á Deputación de Pontevedra.

Consideracións legais e técnicas:

1ª.- Lexislación aplicable.

— Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

— Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

— Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

— Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

— Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).

— Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).



- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu Regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- O proxecto de construción da obra “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DO PQ 1+145 AO PQ 1+160 DA EP-9107 CAMIÑO VIRXE DAS MAREAS. O GROVE”, elaborado unicamente polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Don Jaime David Ruibal de Sola.

No punto 7 da memoria do proxecto de construción recóllese que unha vez analizada toda a documentación, as obras son conformes coa normativa urbanística vixente e que non se detectan afeccións patrimoniais.

- O proxecto de construción da obra inclúe un Anexo (núm. 1) sobre as necesidades de ocupación de terreos.

- Están afectadas dúas parcelas situadas no Concello de O Grove, sendo a superficie a expropiar a de 34,00 m² clasificadas como Solo Urbano Mixto Industrial - Residencial, segundo se concreta no seguinte cadro contido no antedito anexo 1:

Resumo Valoracións	
Concepto	Valor (€)
Expropiacións	1.190,00
Bens	1.019,20
SUMA	2.209,20
Premio de afección (5%)	110,46



TOTAL EXPROPIACIONES	2.319,66
-------------------------	----------

- Informes aclaratorios do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 03/12/2021 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación da mesma.
- Informe de supervisión de data 03/12/2021.
- Informe emitido polo Rexistro da Propiedade de O Grove en data 19 de outubro de 2021, no que se indica que *“non se localiza ningunha finca que teña asignada a referencia catastral 9346210NH0094N0001DR indicada na solicitude, o cal non quere dicir que a finca non estea inscrita”*.
- *Achégase nota simple da finca rexistral 4122 de O Grove que ten asignada a referencia catastral 9346209NH0094N0001IR.* O Rexistro da Propiedade de O Grove remite nota simple desta. Aos efectos oportunos achégase a certificación catastral desta parcela que non figura no citado Rexistro da Propiedade.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formula unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).



Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “*se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares*” (artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “*1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate*”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 3 de decembro de 2021 no que se sinala: “*considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que entre o p.q. 1+145 e o p.q. 1+160 da EP-9107 Camiño Virxe das Mareas existe un punto perigoso para os peóns ó atoparnos nun lugar coa beirarrúa interrompida por dúas parcelas de titularidade privada que producen dita discontinuidade peonil, obrigando aos peóns, que van camiñando pola beirarrúa de forma cómoda e segura ata ese punto, a invadir nestes 14,50 metros a calzada para poder salvar a discontinuidade peonil existente, nun entorno moi frecuentado por vehículos e peóns que conviven diariamente no espazo público ó atoparnos nunha zona con edificacións consolidadas nas marxes da estrada provincial, dificultando esta discontinuidade peonil a convivencia amable, segura e agradable entre os peóns e os vehículos neste treito da estrada provincial, necesitando por seguridade viaria executar unha beirarrúa de 14,50 metros que permita dar continuidade ós dous treitos de beirarrúa existentes, e que na actualidade se atopan separados por dúas parcelas de titularidade privada.*”

Para eliminar este punto perigoso existente entre o p.q. 1+145 e o p.q. 1+160 da EP-9107 Camiño Virxe das Mareas, faise necesario eliminar a discontinuidade peonil producida por dúas parcelas de titularidade privada e poder así dar continuidade a unha beirarrúa existente e que na actualidade se ve interrompida 14,50 metros, obrigando aos peóns a invadir a estrada e convivir neste treito cos vehículos motorizados, co risco que iso supón para a seguranza viaria, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente estas dúas parcelas para poder conseguir así



unha maior seguridade viaria na zona de actuación tanto para os peóns como para os vehículos motorizados.”

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:
“1. *A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:*

- a) A declaración de utilidade pública.*
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.*
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.*
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.*
- e) A declaración da urxencia da ocupación.*

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG).”

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón : “*A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.*



A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos - información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

“a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.

b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.

c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística.”

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.



Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: *“Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”*

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinala no informe de Secretaría, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo, tal e como se sinala no informe de Secretaría, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación definitiva do proxecto.

Con respecto da administración competente para a aprobación definitiva do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente considérase que:

Do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas entidades locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:



- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o Plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

- “ 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.*
- 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”*.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.



Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 12/08/2021.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de construción da obra “*Mellora da seguridade viaria do PQ 1+145 ao PQ 1+160 da EP-9107 Camiño Virxe das mareas. O Grove*”, cun orzamento de licitación de 6.279,30€ e de expropiacións de 2.319,66€.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto de construción da obra por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia, no taboleiro de edictos e do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

Núm. de Orde	Referencia Catastral	Bens afectados
1	9346210NH0094N000 1DR	22,10 m ² de superficie clasificada como solo urbano mixto. 1 Ud. Portal peonil



		8,6 m Varanda metálica 4 Ud. Poste de formigón 5,2 m ² Peche de bloque de formigón
2	9346209NH0094N000 1IR	11,90 m ² de superficie clasificada como solo urbano mixto. 1 Ud. Árbore madeirable

b) Parte de información e control:

10.7730.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 21 DE DECEMBRO DE 2021 (NÚM. REXISTRO 2021007527) TRAMITADA NO SERVIZO DE CONTRATACIÓN APROBANDO GASTOS DE EMERXENCIA. (EXPTES. 2021064702 E 2022000384)**

Sra. Presidenta.- Na parte de información e control. No punto 10. Dar conta da resolución presidencial de data 21 de decembro do 21, tramitada no Servizo de Contratación aprobando gastos de emerxencia. ¿Algunha intervención? Queda dada conta.

Por Resolución Presidencial número 2021007527 de data 21 de decembro de 2021 acordouse adxudicar á empresa, Audeca, S.L.U. (CIF B-33302696), o contrato para execución da “Obra de emerxencia na estrada EP-8401 Portela-Souto de Ve, p.q. 0+300 ao p.q. 2+000 (Concello de Cuntis)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 25.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2021064702
ASUNTO	Adxudicando a obra de emerxencia para a “Mellora do coeficiente de resistencia transversal (CRT) do firme da estrada EP-8401 Portela-Souto de Ve, entre os p.q. 0+300 e o p.q. 2+000 (Concello de Cuntis)”
TRAMITE	Adxudicación

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN



Resultando.- Mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade co Deputado Delegado desa área, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Obra de emerxencia na estrada EP-8401 Portela-Souto de Veá, p.q. 0+300 ao p.q. 2+000 (Concello de Cuntis)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Logo da inspección da estrada EP-8401 Portela-Souto de Veá (Cuntis) e tendo constancia de varias saídas de vía que se produciron recentemente no treito comprendido entre o p.q. 0+300 e o p.q. 2+000, compróbase que o firme presenta en diversas zonas un estado esvaradizo. 2. Dito treito presenta un trazado sinuoso con curvas en S, tendo esta estrada unha IMD elevada cun tráfico importante de vehículos pesados. Todo elo está a provocar un risco na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e a seguridade vial e evitar así riscos de danos maiores...”

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que o que se pretende é garantir a vialidade e a seguridade vial do tramo de estrada afectado, mediante a execución de retexturizado de firme para mellora de CRT (coeficiente de resistencia transversal), mediante hidrodesebaste.

Resultando.- Que a estimación do custe da obra ascende a 25.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta. Proponse á empresa AUDECA, SLU (CIF-B33302696), pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que con data 20/12/2021 emitiu informe o Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que tendo constancia de varias saídas viarias que se produciron recentemente no treito comprendido entre o p.q. 0+300 e p.q. 2+000 da EP-8401 Portela-Souto de Veá, inspeccionase a zona por persoal dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas comprobándose que presenta un estado esvaradizo non sendo posible garantir a vialidade e a seguridade viaria do tramo afectado por esta circunstancia o que está a provocar un risco na circulación. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico ó non ser posible garantir a seguridade do tráfico debido a que existe unha situación de risco grave para a circulación nese punto, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó



artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número de operación 202100240771, por importe de 25.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxados en que procede, concreta na existencia de ter que actuar a administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión”.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación “Obra de emerxencia na estrada EP-8401 Portela-Souto de Veá, p.q. 0+300 ao p.q. 2+000 (Concello de Cuntis)”.

2. Autorizar o gasto por importe de 25.000,00 € IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



3. Adxudicar á empresa AUDECA, SLU (CIF-B33302696) o contrato de obras “Obra de emerxencia na estrada EP-8401 Portela-Souto de Veá, p.q. 0+300 ao p.q. 2+000 (Concello de Cuntis)”, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	20.661,16 €
IVE (21%).....	4.338,84 €
Importe total.....	25.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en UNHA (1) SEMANA.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de dirección de obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación.

Máis información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2021064702.”

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na reunión extraordinaria do día 11 de xaneiro de 2022 quedou enterada do contido da



Resolución Presidencial 2021007527 de data 21 de decembro de 2021 tramitada no Servizo de Contratación, aprobando gastos de emerxencia por un importe global de 25.000,00 €, IVE engadido.”

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial 2021007527 de data 21 de decembro de 2021 pola que se adxudicou a empresa, Audeca, SLU (CIF B-33302696), o contrato para execución da “Obra de emerxencia na estrada EP-8401 Portela-Souto de Veá, p.q. 0+300 ao p.q. 2+000 (Concello de Cuntis)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 25.000,00 €, IVE engadido.

11.7731.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2021. (EXPTE. 2021064175)**

Sra. Presidenta.- No punto 11. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2021. ¿Algunha observación? Queda dada conta.

A Intervención con data 14 de decembro de 2021, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de novembro de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou ó trimestre anterior.



Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ó mes de novembro de 2021 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES NOVIEMBRE 2021

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Novembro	6,8559065129	5.562.477,64	7,0598557194	796.420,30	6,8814501354
Escola de Enfermería	Novembro	12,3711120803	1.903,01	0,0000000000	0,00	12,3711120803
Consortio de Incendios e Salvamento	Novembro	16,9369764574	21.090,69	45,7795342034	11.909,92	27,3462554177
Consortio Deza Tabeirós	Novembro	11,9660393000	8.714,78	17,6224644000	1.271,88	12,6864296964
TOTAL			5.594.186,12		809.602,10	6,9975954967

En base ós cálculos detallados nestes informes ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión extraordinaria do día 11 de xaneiro de 2022 quedou enterada do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



12.7732.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Sra. Presidenta.- No punto 12. Dar conta das resolucións presidenciais. ¿Algunha intervención? Queda enterado o Pleno.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electronicamente entre os días 23 de novembro de 2021 e 10 de xaneiro de 2022.

13.7733.- ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Presidenta.- Punto 13. Rogos e Preguntas. ¿Hai algunha?. Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Si. Gracias. La primera de las preguntas es, ¿en qué estado de ejecución se encuentra el convenio entre Diputación y el Ministerio de Fomento para la puesta en valor de los yacimientos arqueológicos incluidos en ese protocolo? Gracias. La segunda, es dirigida al Diputado Sr. Agís, en relación al proyecto de reforma de la estrada provincial 002, que en el Pleno de abril del 21 habíamos incluido que se llevase a cabo una reforma de la misma para la mejora de la seguridad vial, se nos informó que ya existía un proyecto; se pidió acceso al expediente de ese proyecto y reunión con el Diputado; se nos respondió, que eso sería evaluado con el gobierno legítimo de Pontevedra y no se nos dió acceso al mismo; volví a reiterar la petición y se me respondió que se me daría acceso el 24 de mayo del 2021, sin mayor dilación, en cuanto estuviese previsto para su aprobación, y que se me trasladaría por correo electrónico. Entonces me gustaría saber, 8 meses después, en qué estado está y cuando se me dará acceso al expediente. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- La informaremos inmediatamente Sra. Pardo, una vez que valoremos la situación que usted nos está planteando.

Sra. Pardo Pumar.- Muy bien. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- ¿Algún outro rogo ou pregunta? Se non hai, levántase a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e trinta e tres minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

